



PROGRAMA
OUTONO 2015

Arte, literatura, cine,
cociña, fotografía,
novas tecnoloxías,
creatividade,
música...

LEGER

FORUM
METROPOLITANO



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



HISTORIA E ARTE

A CIENCIA DA ARTE

Luns, de 11.00 a 12.30 h | RESPONSABLES: Paula Naveira e Pablo Cobas

Arte e ciencia son dous termos que nun principio nos poden resultar antagónicos pero, lonxe desta primeira impresión, ambas as disciplinas comparten moitos puntos en común. Artistas e científicos proporcionáronse mutuamente ferramentas de traballo, novos materiais ou motivos de inspiración. Ao longo do curso, iremos explorando de xeito ameno e alcanzable estas zonas comúns.

INICIACIÓN Á HISTORIA DA ARQUITECTURA OCCIDENTAL: DE GRECIA AO MEDIEVO

Luns, de 18.30 a 20.00 h | RESPONSABLE: Toño Martínez

Iniciación á historia da Arquitectura Occidental, en que se pretende presentar as construcións máis significativas ao longo de 1.500 anos, desde a Grecia Clásica ata a Catedral de Santiago de Compostela.

ART TOUR: DESTINO INTERNACIONAL

Martes, de 17.00 a 18.30 h | RESPONSABLES: Paula Naveira e Bea Álvarez

Art Tour é unha actividade formativa que nos convida a realizarmos un percorrido virtual por diferentes enclaves xeográficos para visitarmos museos, monumentos, coleccións e, en definitiva, unha gran variedade de manifestacións artísticas e culturais que abranguen, nesta ocasión, un contexto internacional.

ARTE E MODA: DO BARROCO Á MODA PLURAL DO SÉCULO XX

Martes, de 19.00 a 20.30 h | RESPONSABLES: Bea Álvarez e Paula Naveira

Arte e moda son dúas disciplinas que se nutren unha á outra e, para coñecer a súa evolución, é de grande utilidade mirar en ambas as direccións. A través da arte, iremos descubriendo os gustos estéticos de cada época e ao mesmo tempo o coñecemento da indumentaria axudaranos a adscribir as obras a un período concreto da historia da arte e a saber mellor como era a sociedade en que vivían os seus protagonistas.

GALICIA NA MEMORIA

Martes, de 19.00 a 20.30 h | RESPONSABLE: José Castro

A través deste curso, achegámonos a diferentes momentos da nosa historia para coñecermos como vivían os nosos devanceiros: cales eran os seus modos de vida, como era o seu hábitat, a súa relación co contorno, a súa cultura material, os acontecementos relevantes que marcaron a historia e tamén como foron mudando as mentalidades co decorrer do tempo.

COMO MIRAR UN MILLÓN DE IMAXES? AS ORIXES DA PINTURA

Mércores, de 17.00 a 18.30 h | RESPONSABLE: Bea Álvarez

Este obradoiro achéganos ao mundo da pintura. Coñeceremos as obras máis importantes que hoxe ocupan lugares privilexiados nos museos. Cando foron creadas? Para quen? Quen as realizou? Pero, sobre todo, o noso interese está en descubrir as claves para ver un cadro, para mirar un millón de imaxes. Convidámosvos a esta experiencia para coñecer os segredos da pintura.

PAISAXES DA ALMA: MISTICISMO E ARTE

Xoves, de 10:00 a 11:30 h | RESPONSABLE: Héctor Mosquera

Que parellos enigmas encerran unha catedral gótica, a Alhambra de Granada e a pintura de paisaxe románica? Neste obradoiro, trataremos de desentrañar os profundos misterios que irmandan estas tres maravillosas obras de arte e así, sen dúbida, descubriremos como a súa orixe se remonta ao pensamento taoísta e ás súas idénticas manifestacións na filosofía sufí e no misticismo occidental.

EXPLORAR AS EXPOSICIÓNS

Venres, de 17.30 a 19.00 h | RESPONSABLES: Paula Naveira e Pablo Cobas

Moitas veces, o máis próximo é o gran descoñecido. Por iso, a oferta cultural que nos brinda a cidade será o fio condutor deste curso. Por medio de sesións alternativas na aula e en diferentes espazos museísticos, iremos descubriendo e analizando cada unha das exposicións do noso ámbito.

LITERATURA

Á CAZA DAS PALABRAS

Mércores, de 10.30 a 12.00 h | RESPONSABLE: Chus Molina

Este é un obradoiro onde se traballa coas palabras desde un punto de vista creativo. A partir dunha serie de pautas, crearemos os nosos propios textos literarios desenvolvendo a nosa creatividade e imaxinación. Á vez que escribimos, iremos aprendendo os diversos elementos e técnicas literarias. Todo o escrito no obradoiro será compartido e comentado por todos.

OS MELLORES POEMAS DA LITERATURA ESPAÑOLA (I)

Mércores, de 11.30 a 13.00 h | RESPONSABLE: Antonio Couto

Trataremos de ofrecer unha coidada selección con audicións dos mellores poemas da Literatura Española, organizados por temas de interese (amor, morte, liberdade etc.), por épocas e que fosen cantados ou recitados polas voces de grandes rapsodas e cantantes que versionasen as ditas poesías e que nos fagan sentir aos oíntes fortes sensacións, cunha mínima presentación ou explicación do contexto en que naceron, sen necesidade de coñecementos máis amplos.

VIAXAR, SOÑAR E COÑECER

Xoves, de 11.00 a 12.30 h | RESPONSABLES: Antonio León e Pancho Álvarez-Fontenla

O obradoiro propónse recrear grandes viaxes da historia que cambiaron o panorama dos nosos coñecementos e experiencias. Acompañaremos o capitán Cook nas súas expedicións polo Pacífico, viviremos con Darwin a súa aventura americana, iremos cos viaxeiros ingleses que percorrían España no século XIX ou cos grandes pintores que buscaban en África a súa inspiración... Todo iso a partir das testemuñas dos seus protagonistas, dos documentos gráficos que nos deixaron e dalgunhas películas actuais que os recrearon.

LITERATURA ACTUAL

Xoves, de 11.00 a 12.30 h | RESPONSABLE: Berta Picado

Análise e debate das distintas creacións da literatura actual, os estilos de maior aceptación, os criterios para a selección de obras, as últimas novidades...

TEATRO

O TEATRO AO LONGO DA HISTORIA

Martes, de 17.00 a 18.30 h | RESPONSABLE: Viriato Valdés

O teatro é unha das formas artísticas máis coñecidas e practicadas en todo o mundo. Neste obradoiro, pretendemos coñecer as súas orixes e o que foi o teatro e a súa influencia. Para iso, viaxaremos ao longo da súa historia co fin de analizarmos a relación da disciplina teatral coas sociedades que o cultivaron.

XUNTOS AO TEATRO

Mércores, de 19.00 a 20.30 h | RESPONSABLE: Vicky Pérez

Actividade para amantes do teatro, espectadores con ganas de compartir e desenvolver a súa paixón polas artes escénicas. Diseñado especialmente para tratar as postas en escena presentadas nos teatros da Coruña (Rosalía, Fórum, Ágora, Colón...) buscando o desenvolvemento de espectadoras e espectadores críticos. As sesións incluírán: análise dos espectáculos que veñen ao teatro, debates de opinión antes e despois de ver as pezas, visitas ao teatro, entrevistas etc.

É imprescindible asistir aos espectáculos para desfrutar deste obradoiro

MONOGRÁFICO

ÉRASE UNHA VEZ... A MULLER

Mércores, de 19.00 a 20.30 h

Este ano, propoñémosvos unha aproximación ao papel da muller ao longo da historia, á súa figura tanto na sociedade occidental como noutras sociedades, por exemplo as matriarcais. Descubriremos e coñeceremos as obras de grandes arquitectas, pintoras, escultoras, músicas, escritoras, dramaturgas, políticas... que nos aproximen ao onte, ao hoxe e ao mañá das mulleres na sociedade.

CINE

HISTORIA DA ANIMACIÓN

Martes, de 10.30 a 12.00 h | RESPONSABLE: Antonio Brea

Unha viaxe polo apaixonante mundo da animación desde os inicios ata a actualidade, tanto en cine como en televisión, publicidade, vídeo... Sorprenderémonos e desfrutaremos coñecendo as obras dos grandes nomes da animación, as diversas técnicas empregadas e a súa evolución a través do tempo... Moito máis que debuxos animados!

CINE, ARTE E REFLEXIÓN

Martes, de 10.30 a 12.00 h | RESPONSABLE: Bea Álvarez

O estudo da arte a través da captación cinematográfica pode servir como unha novidosa aproximación ao mundo da creación artística, como unha visión que sempre queda relegada a un segundo plano ou como algo anecdótico dentro do estudo da Historia da Arte. Os distintos autores/directores tratan de nos aproximaren ao mundo da creación artística, á biografía dos artistas, ás distintas tendencias e movementos... cunha visión persoal e subxectiva, que pode abrir no/a espectador/a un grande abano de posibilidades para entender e comprender o mundo creativo; abrírase así a porta ao debate e á reflexión.

APRENDER A VER CINE II

Martes, de 17.00 a 18.30 h | RESPONSABLE: Antonio Brea

Nesta continuación do obradoiro sobre linguaxe cinematográfica e historia do cine, afondaremos na análise dos elementos que compoñen as películas, ademais de abordarmos outros aspectos como o espazo cinematográfico, o guiión, a dirección artística e a evolución da arte cinematográfica a partir da irrupción das "novas olas".

CINE ITALIANO DO NEORREALISMO Á MODERNIDADE: ANOS 60

Mércores, de 19.15 a 20.45 h | RESPONSABLE: David Castro

Neste obradoiro, faremos unha retrospectiva das grandes películas realizadas en Italia ao longo dos anos 60 que foron uns dos filmes máis destacados do cine europeo da época. Por medio de actividades e da visión de proxeccións específicas, descubriremos as películas que fixeron historia, así como as cuestións técnicas que as rodearon.

FILMOTECA FÓRUM

Xoves, de 18.30 a 20.00 h | RESPONSABLE: Martín Pawley

Unha aproximación ao mellor cine de onte e de hoxe, con especial atención aos autores e xéneros que non chegan ás salas comerciais. Valoraremos, comentaremos e falaremos da programación das nosas salas, desde todos os puntos de vista: ademais de repasar as novas de actualidade, os festivais de cine máis importantes..., tocaremos os debates que se están xerando no eido da produción e distribución cinematográfica.

MEDIO

PLANTAS MEDICINAIS DO COUREL

Mércores, de 17.30 a 18.30 h | RESPONSABLE: María Moure

Neste obradoiro, as e os participantes descubrirán todos os segredos agochados na flora da Serra do Courel. Do mesmo xeito, moitas das plantas que alí medran posúen grandes principios activos medicinais, que se irán analizando en cada unha das sesións.

EN PLENA NATUREZA

Xoves, de 17.00 a 18.30 h | RESPONSABLE: Sonia Coello

Introducir as persoas participantes no coñecemento dos principais problemas ambientais existentes, tales como a contaminación (tipos), efecto invernadoiro, deterioración de recursos naturais, reciclaxe, deforestación, consumo enerxético...

ASTRONOMÍA E CIENCIAS

MIRANDO Á CIENCIA

Martes, de 11.00 a 12.30 h | RESPONSABLE: Javier Novelle

Imos levar a cabo outra forma de facer ciencia. Ímonos dedicar a mirar uns cantos módulos da Casa das Ciencias e ímonos preguntar cousas sobre eles. Imos tratar de "pensar".

DESCUBRIR O CEO E O UNIVERSO

Venres, de 18.00 a 19.30 h | Responsable: Borja Tosar

Un percorrido polos últimos descubrimentos en Astronomía, desde misterios como a materia escura ou a vida extraterrestre a outras cousas máis cotiás como o ceo nocturno. Non son necesarios coñecementos e consideramos que pode ser recomendado para persoas que xa asistisen ao obradoiro de "Baixo un manto de estrelas". Combinaranse as sesións de aula con saídas para observar o ceo nocturno con telescopio.

FOTOGRAFÍA

TRAS O OBXECTIVO

Martes, de 17.00 a 18.30 h | RESPONSABLE: Mero Barral

Obradoiro de iniciación á fotografía de carácter eminentemente práctico, en que cada participante deberá traer a súa propia cámara (REFLEX). Buscamos descubrir a cidade e as imaxes que nela transcorren día a día. Como, cando, onde e por que debemos sacar as nosas fotografías.

FOTOGRAFÍA AVANZADA: PAISAXES FOTOGRÁFICAS

Xoves, de 17.00 a 18.30 h | RESPONSABLE: Cándido Díaz

Obradoiro dirixido a persoas que teñen afianzadas as nocións básicas de fotografía e queren afondar máis nunha mellora e perfeccionamento da súa técnica. Moitas veces, temos ante nós estampas e imaxes que queremos inmortalizar. Collemos a cámara e facemos a foto pero o resultado non reflicte o que os nosos ollos están observando. Neste obradoiro, interiorizaremos recursos e técnicas que nos permitan sacarles o máximo partido ás paisaxes que estamos observando e desfrutando.

HABILIDADES MENTAIS E SOCIAIS

INDAGANDO NO FÓRUM

Martes e xoves, de 19.00 a 20.00 h

RESPONSABLES: Antonio León e Pancho Álvarez-Fontenla

Por que dividimos a semana en sete días e o mes en trinta? Por que non nos toca a lotaría? Que quere dicir que A Coruña está situada 43 graos de latitude norte? Por que os biólogos din que os monos son os nosos parentes? A partir de problemas que nos formula a actualidade, a ciencia ou a historia, buscaremos información, reflexionaremos xuntos e trataremos de comprobar as explicacións que se nos ocorran. É dicir, divertiremonos indagando e traballando con información interesante e entretida.

APRENDENDO A RELAXARSE

Martes, de 11.00 a 13.00 h | RESPONSABLE: Vicente Goyanes

A través da meditación, aprenderás a vivir experimentando no momento presente dun xeito relaxado e consciente. Recoñeceremos o funcionamento da nosa mente e reduciremos o fluxo de pensamentos negativos e non desexados.

CIDADE E ARQUITECTURA

A IMAXE DESAPARECIDA: RECONSTRUÍNDO A CIDADE DO S.XX

Luns, de 17.00 a 18.30 h | RESPONSABLE: Pablo Cobas

As imaxes antigas da cidade son o mellor xeito para apreciar a evolución da nosa arquitectura e urbanismo. A través delas, descubrimos os principais cambios producidos na arte e na sociedade coruñesa ao longo do século XX.

ARQUITECTOS: XENIOS E FIGURAS

Xoves, de 17.00 a 18.30 h | RESPONSABLE: Jesús Freire

O arquitecto como xenio ou como estrela da Arquitectura. Analizaremos a vida e obra de distintos arquitectos tanto galegos coma nacionais e internacionais. O momento histórico en que realizaron os seus proxectos, as influencias e correntes artísticas que os levaron a desempeñaren a profesión. Realizaranse visitas a algunha das súas obras máis significativas.

DESCUBRINDO EUROPA: ARQUITECTURA DAS GRANDES URBES EUROPEAS

Xoves, de 17.30 a 19.00 h | RESPONSABLE: Félix Huerga

Europa constitúe o berce da cultura occidental. A historia fixo dela testemuña dos grandes movementos culturais e artísticos creados pola humanidade desde tempos clásicos. Para descubriremos todas estas cuestións, tomaremos como referencia a arquitectura das grandes cidades europeas para indagar ata poder coñecer todos estes emprazamentos dun xeito global.

A PEDRA FEITA CATEDRAL NO CAMIÑO FRANCÉS

Venres, de 10.30 a 12.00 h | RESPONSABLE: Félix Huerga

A Ruta Xacobeá é un camiño de cultura e arte. Por iso neste obradoiro realizaremos unha aproximación histórica e arquitectónica ás principais catedrais románicas e góticas presentes na variante principal do Camiño, que entra en España por Roncesvalles.

CREATIVIDADE MANUAL

MODELADO CREATIVO

Luns, de 18.30 a 20.30 h | RESPONSABLE: Laura Blanco

Por creatividade enténdese a facultade que alguén ten para crear: é a capacidade creativa dun individuo. Modébase para comprender ou explicar mellor un proceso ou unhas observacións. Un mesmo obxecto pode ser modelado con distintas técnicas e con distintas intencións, así que, por medio de distintos materiais, realizaremos as nosas propias producións.

DOMADORES DE COIRO

Martes, de 19.00 a 20.45 h | RESPONSABLE: Katy Burgos

Aproximación a distintas técnicas manuais e artísticas para realizar diferentes producións en coiro e sucedáneos que nos permitan desenvolvermos a creatividade. O material necesario para este obradoiro correrá por conta de cada participante. Este obradoiro estará dirixido aos participantes con experiencia no traballo de coiro porque xa asistiran a este curso noutras edicións.

ILUSTRANDO ANDO

Mércores, de 19.00 a 20.45 h | Responsable: Irene Sanjuan

A través da aprendizaxe de diferentes conceptos e técnicas de debuxo, deseño e aplicación de diferentes materiais, aprenderemos a ilustrar un texto e entenderemos como é todo o proceso de elaboración dunha peza para editorial, desde a creación de bosqueños ata as probas de cor ás artes finais e á portada. Ao final deste obradoiro, teremos unha pequena maqueta do "noso libro".

ARTE EN CARTÓN

Xoves, de 17.00 a 18.45 h | RESPONSABLES: Tatiana Álvarez e Elsa García

Obradoiro de nivel básico para iniciarse na construción de mobles e outros útiles domésticos empregando o cartón como material principal. Todo isto fai que a actividade sexa moi recomendada para todas aquelas persoas con inquietudes creativas.

INICIACIÓN AO TRABALLO CO COIRO

Xoves, de 19.00 a 20.45 h | RESPONSABLE: Katy Burgos

Se sempre che gustaron os produtos feitos con coiro e sentiches que che gustaría aprender a facelos, estás ante unha oportunidade única de empezar a traballar o coiro. Este obradoiro preséntase co obxectivo de impartir nocións básicas de traballo co coiro, así como poder desfrutar dunha primeira toma de contacto cunha nova afección. Este obradoiro está dirixido a participantes que nunca traballasen con coiro. O material necesario para este obradoiro correrá por conta de cada participante

COAS TÚAS MANS

Venres, de 10.00 a 12.00 h | RESPONSABLE: Fina Sedes

Obradoiro de xoiaría téxtil en que utilizaremos a técnica do macramé. Con cordóns axeitados, abelorios de fantasía e uns cantos nós, os participantes acadarán este trimestre as destrezas oportunas para realizaren uns orixinais colares coas súas propias mans.

SCRAP ECONÓMICO PARA PRINCIPIANTES

Venres, de 18.30 a 20.30 h | RESPONSABLE: Helena Fernández

Facendo Scrapbook traballarás con multitude de elementos.... Papel, botóns, fíos, cartolinas... todo o que queiras imaxinar e máis! Ao principio, pensarás: aí que bonito é este papel! Non podo cortalo! Pero aconséllámosche que o cortes e o utilices e, se non sabes como, aquí atoparás a inspiración para facelo.

MÚSICA

O.F.O.: ORFF- FÓRUM-ORQUESTRA

Luns, de 10.00 a 11.30 h | RESPONSABLE: José Manuel Fraga

Obradoiro de música en que se presentarán os diferentes instrumentos de percusión. A partir de aí, explicaranse as técnicas básicas para o emprego dos ditos instrumentos co obxectivo de poder chegar a montar pequenas obras; crearemos a nosa propia orquestra.

AGRUMUS: AGRUPACIÓNS MUSICAIS

Luns, de 17.00 a 18.30 h | RESPONSABLE: José Manuel Fraga

Obradoiro en que se presentarán as diferentes formacións musicais, tanto as clásicas como as propias de Galicia: vogais, instrumentais e mixtos. Tamén se fará fincapé na composición e historia destas con exemplos musicais. Desfrutaremos das principais agrupacións musicais da cidade e saberemos clasificar tanto as voces como os instrumentos.

EU CANTAR, CANTAR, CANTEI...

Luns, de 19.00 a 20.30 h | RESPONSABLE: Marta Pumares

Eu cantar, cantar, cantei é un percorrido pola nosa música tradicional para coñecermos os nosos bailes, os nosos ritmos e os nosos instrumentos. Aprenderemos a técnica básica da pandeireta e do canto e practicaremos o baile.

O APAIXONANTE MUNDO DA ÓPERA (NIVEL 1). MÓZART E DONIZETTI

Luns, de 17.00 a 18.30 h | RESPONSABLE: Mónica Pérez

A finalidade deste obradoiro é aproximarse ao mundo da ópera de xeito sinxelo, partindo duns coñecementos básicos que nos guiarán e farán máis sinxela a comprensión da ópera. As óperas programadas inclúen a explicación do desenvolvemento do argumento, a biografía do compositor e as características principais da ópera. Obradoiro recomendado para aqueles usuarios que teñen o seu primeiro contacto coa ópera.

O APAIXONANTE MUNDO DA ÓPERA (NIVEL 2). A ÓPERA FRANCESA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XIX

Mércores, de 17.00 a 18.30 h | RESPONSABLE: Mónica Pérez

A finalidade deste obradoiro é proporcionar a posibilidade de seguir descubriendo o apaixonante mundo da ópera pero neste caso as destinatarias do obradoiro serían aquelas persoas que nalgún momento xa asistiron a algún dos obradoiros de ópera anteriores. Desta forma, terán a posibilidade de coñeceren outras óperas diferentes, sen partir dos coñecementos previos que xa posúen e aprofundando un pouco máis na parte auditiva...

OFERTA ESPECÍFICA PARA NENAS E NENOS

COMO SE DEBUXAN OS LIBROS de 6 a 12 anos

Venres, de 17.30 a 19.30 h | RESPONSABLE: Irene Sanjuan

Neste obradoiro, imos entender como se fai un libro. A través de diferentes técnicas como a estampación, o collage, a acuarela etc. crearemos a nosa pequena historia de principio a fin, desde os primeiros debuxos ata ter na man o noso propio libro deseñado e debuxado por nós.

SÁBADOS AO FÓRUM de 4 a 8 anos (2011-2007)

Sábados, de 11.00 a 13.00 h | RESPONSABLES: educadoras/es dos campamentos

Proposta de carácter lúdico e compoñente recreativa para favorecer a capacidade de iniciativa colectiva das nenas e dos nenos. Nesta ocasión, imos dedicar este período de tres meses a coñecer, desfrutar, construír, practicar... con **xogos de onte, hoxe e mañá**. Cada sábado, trataremos de descubrir xogos, xoguetes, cantigas... ás que xogaron os nosos avós e avoas cando eran rapaces, tratando de recordalas e descubriendo outras moitas. Remataremos a actividade cunha visita ao MELGA – Museo Etnolóxico de Galicia, situado na localidade de Ponteceso, onde visitaremos e viviremos in situ moitas das experiencias que levaremos a cabo ao longo dos sábados de outubro a decembro.

FOTOBARRIO de 9 a 12 anos (2006-2003)

Sábados, de 11.00 a 13.00 h | RESPONSABLES: educadoras/es dos campamentos

Proposta de carácter lúdico e compoñente recreativa para favorecer a capacidade de iniciativa colectiva das nenas e dos nenos. Nesta ocasión, imos dedicar este período de tres meses a coñecer, desfrutar, fotografar... os nosos barrios. Cada sábado, iremos dando ferramentas para poder descubrir e coñecer os distintos barrios da cidade; trátase de descubrir deles: a súa historia, a xente, as dinámicas, a arte, o medio natural e tratar de promover unha actitude creativa para con eles. Cada mes, dedicámosllo a un barrio coa conseguinte saída para poder vivilo in situ.

OFERTA ESPECÍFICA +65 ANOS

FAGAMOS MEMORIA I, II

GRUPO I - Luns e mércores, de 10.00 a 11.00 h

GRUPO II - Luns e mércores, de 11.00 a 12.00 h

RESPONSABLE: Marta Alonso

Actividades de aprofundamento nas habilidades mentais por medio de actividades variadas relacionadas coa linguaxe, a lóxica, a percepción, a coordinación...

ENTRENA O TEU CEREBRO

Martes e xoves, de 19.00 a 20.15 h | RESPONSABLE: Mónica González

Adestramento de capacidades de atención, memoria e razoamento a través de actividades de discriminación e emparellamento de imaxes e sons, dirixidas a persoas maiores de 70 anos.

NUNCA É TARDE: OBRADOIRO DE INICIACIÓN Á LECTURA E ESCRITURA

Martes e xoves, de 10.00 a 11.30 h | RESPONSABLE: Toñi Fernández

Aprendizaxe de habilidades básicas para a lectura e a escritura.

LEAMOS E INTERPRETAMOS O MUNDO QUE NOS RODEA

Martes e xoves, de 10.00 a 11.30 h | RESPONSABLE: Marta Alonso

Obradoiro de alfabetización para adultos en que se empregarán ferramentas relacionadas coa escritura, a lectura, a matemática e a cultura en xeral. Neste obradoiro, prestarémoslle atención aos intereses do alumnado, pois consideramos que non é un mero colector baleiro que agarda a ser enchido de coñecementos. Por iso, propoñemos este obradoiro baseado nun programa de empoderamento que vai máis aló da aula e dos contidos académicos que nela se soen impartir.

CLUBS E CÍRCULOS:

Os **CLUBS** medran da iniciativa de grupos de persoas que, cun interese común, tratan de perfeccionarse sobre a temática elixida de forma autónoma. Deste xeito, convértense en foros participativos de reunión para intercambiar ideas e experiencias autoxestionándose.

Os **CÍRCULOS** son actividades sobre unha temática concreta. Están dirixidos por unha persoa que, de maneira voluntaria, comparte os seus coñecementos cos demais.

INSCRICIÓN:

O número de integrantes está condicionado polas necesidades da actividade e polo tamaño do espazo asignado. As persoas que formaban parte destas actividades no ano anterior conservan a súa praza pero deben confirmala na conserxaría do Fórum (de luns a venres, de 9.00 a 20.00 horas) ou vía telefónica (981 184 293), antes do **12 de outubro**. As e os novos participantes solicitarán estas actividades anotándose nas listaxes que estarán na conserxaría do Fórum Metropolitano ou chamando por teléfono (981 184 293) a partir do **13 de outubro**, data en que coñeceremos as baixas nos ditos clubs e círculos e ofertaremos as prazas vacantes, que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición.

Os clubs e círculos comezarán a súa actividade a partir do **28 de setembro**, o mesmo que os obradoiros.

CLUBS DE PALILLOS

Martes, de 10.30 a 12.30 h
Martes, de 17.00 a 19.00 h

CLUBS DE LABORES

Luns, de 11.00 a 13.00 h
Martes, de 17.00 a 19.00 h

CLUB DE TAPIZ EN ALTO LIZO

Mércores e venres,
de 17.00 a 20.00 h

CLUBS DE LECTURA

Luns, de 11.30 a 13.00 h
Martes, de 10.30 a 12.30 h
Mércores, 18.30 20.30 h

CLUB DE ABELORIOS

Mércores,
de 11.00 a 13.00 h

CLUB DE CANASTRA

Martes, de 17.00 a 20.30 h

CLUB DE TAPIZ GOBELINO

Mércores, de 10.00 a 13.30 h
Venres, de 10.00 a 13.30 h

CLUB DE SENDEIRISMO

Terceiro domingo de cada mes, unha saída ao mes

CLUBS DE PINTURA

Luns, de 17.00 a 20.00 h
Venres, de 17.00 a 20.00 h

CLUB DE COMPARTE AFECCIÓNS

Martes e xoves,
de 11.30 a 12.30 h

CLUB DE FILOSOFÍA NON - DUAL

Martes, de 10.00 a 11.30 h
(As persoas que desexen participar nel teñen que ter, cando menos, un curso de Mindfulness ou Vipassana ou posuír experiencia nalgunha das formas actuais de meditación.)

CÍRCULO DE MANUALIDADES

Mércores, de 11.00 a 13.00 h

CÍRCULO DE TÉCNICAS DE ENCAIXE

Mércores, de 19.00 a 20.45 h

CONDICIÓN PARA PARTICIPAR NOS OBRADOIROS DO PROGRAMA DE LECER:

PREINSCRICIÓN:

Os días **7, 8 e 9 de setembro na conserxaría de Fórum, de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h, ou por vía telemática** descargando e cubrindo a folia de preinscrición, tal e como se indica na páxina www.coruna.es/cultura e, unha vez cuberta, enviarase ao enderezo de correo electrónico: **forumocio@coruna.es** desde o que se lle remitirá, nun prazo de 24 horas, un correo resposta co número que lle foi asignado para o sorteo. Cada solicitante poderá anotar ata catro obradoiros na ficha; deberase ter en conta que na adxudicación respectarase a orde de preferencia fixada pola persoa solicitante e a dita orde non poderá ser modificada unha vez que se realice o sorteo. Na preinscrición presencial, adxudicáraselle directamente a cada solicitante un número que servirá para o sorteo.

SORTEO PÚBLICO:

Xoves 10 de setembro, ás 12.00 h, na conserxaría do Fórum.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:

As listaxes dos obradoiros adxudicados publicaranse o **luns 14 de setembro a partir das 9.00 h**, no Fórum, nas distintas webs municipais de Cultura e no servizo telefónico 010.

A partir do número extraído no sorteo, asignaranse as prazas en cada obradoiro; outorgáraselle ao maior número de persoas, cando menos, un obradoiro.

INSCRICIÓN:

Os días **14, 15 e 16 de setembro na conserxaría do Fórum, de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h**

Para formalizar a inscrición, será necesario aboar en efectivo o importe do obradoiro correspondente. As prazas adxudicadas só poderán ser ocupadas polos agraciados no sorteo. As prazas non aboadas durante estes días adxudicáraselles ás persoas en listaxe de agarda.

LISTAXES DE AGARDA E PRAZAS VACANTES:

As persoas en listaxe de agarda dun obradoiro terán preferencia en ocuparen as prazas non aboadas do dito obradoiro, que serán adxudicadas pola orde do sorteo. Terán preferencia para aquelas persoas que non obtivesen ningunha praza.

Os días **17 e 18 de setembro** contactaremos **vía telefónica** só con aquelas persoas que estean nas listaxes de agarda para saber se continúan interesadas en inscribirse nos obradoiros que solicitaran. Terán que formalizar a inscrición, pagándoa, os días 21 e 22 de setembro.

A partir do 23 de setembro e despois deste proceso, o resto das prazas vacantes poderán ser ocupadas polo público en xeral inscribíndose e pagándoa por orde de chegada nos horarios indicados anteriormente.

COTA DE INSCRICIÓN:

30 € por obradoiro (maiores de 65 anos, 21 €)

INICIO DOS OBRADOIROS:

A partir do 28 de setembro, no día e hora que lle correspondan a cada obradoiro.

Os obradoiros só se porán en marcha cun mínimo de 12 participantes.



O PROGRAMA DE LECER DO OUTONO 2015 vén cargado de propostas innovadoras con actividades que impulsan a formación con accións culturalmente enriquecedoras utilizando a cidade e todos os recursos que esta nos ofrece. Busca, á súa vez, o incremento da demanda cultural e o coñecemento da oferta da cidade e promove convivencia e a sociabilidade das persoas participantes. Programa enfocado a persoas maiores de 16 anos, con excepción das actividades específicas para nenas/os e adolescentes.

R/ Río Monelos - 15006 A Coruña - forumocio@coruna.es - Tel. 981 184 293

